



ECO-IDEAS ADEGA

Consellos e ideas educativas para pasar na casa a corentena do Covid-19



OBXECTIVOS:

CO XOGO, E CONCRETAMENTE COS XOGUETES DE REFUGALLOS:

- Aprender a compartir e traballo en grupo
- Favorecer a creatividade e o desenvolvemento emocional
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades e creación artística
- Concienciar sobre o medio ambiente e o respecto pola natureza
- Visualizar a cantidade de residuos xerados nos fogares
- Fomentar as 3Rs e reducir o consumismo

RECURSOS:

- Rede Galega de Xogo Tradicional Brinquedia: <http://brinquedia.net/>
- Patrimonio Lúdico Galego, Xogos tradicionais para a corentena: <http://xogos-tradicionais-corentena.weebly.com/>

OS XOGOS DO LIXO

O obradoiro pretende concienciar as persoas na importancia da redución, reutilización e reciclaxe (as 3Rs) dos residuos, aprendendo de forma práctica a xestionar adecuadamente os refugallos domésticos que xeramos. O obradoiro "Os Xogos do Lixo" de ADEGA para centros de ensino, inclúe a elaboración e experimentación con diferentes xogos e xoguetes feitos con refugallos, adaptados aos distintos niveis de formación, pódese solicitar en adega@adega.gal.

Nesta ficha móstranse 2 exemplos para xogar nas nosas casas. A partir de 3-4 anos, sen límite de idade, pódese adaptar o nivel de dificultade. Nalgúns casos requirirán de mais axuda de unha persoa adulta ca outros.

O Xogo do vaso-pelota

Materials:

1 rolo papel hixiénico (ou vaso de iogur*), cartón, papel (13x7cm), xornal vello, fío, tesoiras, pegamento de barra, cores (pinturas, lápices...), e outro material decorativo ao gusto.

Preparación e xogo: VIDEO <https://youtu.be/sPPBwX7wAzo>

*Se na casa practicamos un consumo responsábel é probable que non teñamos este tipo de envases plásticos monodose.

Carreiras de tartarugas

Materials:

1 caixa de ovos, 1 lapis, fío, tesoiras, pegamento de barra, grampadora, cores (pinturas, lápices...) e outro material decorativo ao gusto.

Preparación e xogo: VIDEO <https://youtu.be/lcpWSoL2lYs>